

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 24 de abril de 2017 pola que se convocan prazas destinadas ao profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa, relativos ao Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE) para o ano 2017.*

As diversas leis educativas veñen sinalando a importancia do dominio dunha segunda, ou mesmo, dunha terceira lingua estranxeira na educación como consecuencia do proceso de globalización en que vivimos. A Unión Europea fixa o fomento do plurilingüismo como un obxectivo irrenunciable para a construción dun proxecto europeo.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vén convocando, nos últimos anos, actividades formativas para o profesorado, tanto dentro do estado español como no estranxeiro, co obxecto de fomentar a actualización metodolóxica e a mellora do seu nivel de competencia en comunicación lingüística en linguas estranxeiras a través do contacto directo con persoas dos países de fala inglesa, francesa, alemá e portuguesa.

Esta consellería, consciente da importancia da aprendizaxe destas linguas para os cidadáns e cidadás da nosa Comunidade Autónoma e da preocupación que, neste sentido, se manifesta desde todos os ámbitos sociais, promove e convoca diversos plans e actuacións. Todas estas accións requiren para a súa óptima implantación dun profesorado actualizado e cun alto nivel de competencia comunicativa, polo que tamén se deseñaron os cursos de actualización lingüística e comunicativa (en diante, CALC) para o profesorado, que se desenvolven nas escolas oficiais de idiomas (en diante EE.OO.II) de Galicia.

Do mesmo xeito, levaranse a cabo diferentes actividades formativas no marco do fomento das competencias profesionais docentes, como son o Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE) e a modalidade 6 das licenzas por formación.

Con esta convocatoria trátase de mellorar a competencia idiomática do profesorado e acadar a certificación desta mellora, así como afondar na didáctica do ensino de idiomas estranxeiros. Con este fin, ofértanse itinerarios intensivos que revitalicen e potencien contidos e aspectos lingüísticos xa adquiridos, que promovan o avance na consolidación e adquisición de niveis de competencia lingüística superior e se teña a ocasión de aplicar no propio contexto todo o adquirido, fomentando o carácter cooperativo entre as persoas participantes.



En consecuencia, en virtude das competencias atribuídas polo artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

ACORDO:

Artigo 1. *Obxecto*

O obxecto desta orde é a convocatoria de prazas para a realización de itinerarios formativos para a mellora da competencia lingüística e comunicativa en lingua estranxeira do profesorado (procedemento ED305F).

Artigo 2. *Modalidades das prazas convocadas*

As modalidades en que se convocan prazas para o profesorado son as seguintes:

1. Modalidade 1: inmersión. Itinerario formativo en tres fases.

a) Fase A (75 horas): curso de formación en inglés na Comunidade Autónoma de Galicia, que terá lugar preferentemente en período lectivo, con substitución do profesorado que realice esta actividade formativa.

b) Fase B (75 horas): inmersión no país falante da lingua estranxeira de ensino e aprendizaxe, cunha duración de tres semanas, que se realizará no mes de xullo ou agosto de 2017 nun dos seguintes países: Reino Unido, Canadá ou Estados Unidos.

c) Fase C (25 horas): elaboración de materiais para a sociedade da información na lingua obxecto de estudo segundo as orientacións do anexo VII, que se realizará no primeiro trimestre do curso 2017/18.

2. Modalidade 2: integración. Itinerario formativo en dúas fases.

a) Fase de integración (100 horas): programa de inmersión total en inglés ou portugués, consistente na integración na vida escolar, sen obrigas lectivas, en centros escolares de Canadá ou Portugal. O profesorado seleccionado integrarase en centros escolares e estará acompañado no horario lectivo do centro por un/unha docente da súa mesma área ou materia durante catro semanas, no primeiro trimestre do curso 2017/18 e será substituído nos seus centros educativos. No caso do profesorado de formación profesional, o profesorado estará acompañado por un/unha docente dos mesmos módulos cando sexa posible ou por un/unha docente dun módulo afín.



b) Difusión da experiencia adquirida (25 horas). O profesorado participante deberá presentar un plan de difusión, cando menos no seu centro de destino, da experiencia adquirida en Canadá ou Portugal. Do mesmo xeito, deberá presentar unha memoria do desenvolvemento dese plan de difusión, na cal se deberá acreditar todo o plan desenvolvido. Na memoria deberá constar unha proposta didáctica na lingua obxecto de estudo segundo as orientacións do anexo VI que demostre a transferencia á aula dos coñecementos e metodoloxía adquiridos na integración. Tanto o plan como a memoria deberán elaborarse no primeiro trimestre do curso 2017/18.

### 3. Modalidade 3: cursos. Itinerario formativo en dúas fases.

a) Fase de formación (50 horas): convócanse os seguintes cursos de lingua estranxeira, que se desenvolverán nos meses de xullo e /ou agosto de 2017:

1. Curso de dúas semanas para profesorado especialista de inglés de ensino primario e secundario no Reino Unido.

2. Curso de dúas semanas para profesorado especialista de francés de ensino primario e secundario en Francia.

3. Curso de francés en Francia de dúas semanas de duración para profesorado non especialista de lingua francesa de ensino primario e secundario. Este profesorado deberá acreditar un nivel B2 ou superior en lingua francesa do Marco común europeo de referencia para as linguas.

4. Curso de portugués en Portugal de dúas semanas de duración para profesorado especialista e non especialista de lingua portuguesa de ensino primario e secundario. Este profesorado deberá acreditar un nivel B2 ou superior de lingua portuguesa do Marco común europeo de referencia para as linguas.

5. Curso de alemán en Alemaña de dúas semanas de duración para profesorado especialista e non especialista de lingua alemá de ensino primario e secundario. Este profesorado deberá acreditar un nivel B2 ou superior de lingua alemá do Marco común europeo de referencia para as linguas.

b) Fase de elaboración de materiais (25 horas): elaboración de materiais para a sociedade da información na lingua obxecto de estudo segundo as orientacións do anexo VII, no primeiro trimestre do curso 2017/18.



4. Será necesario que a persoa participante acade unha avaliación positiva en cada unha das fases do itinerario formativo para poder realizar a fase seguinte e, de ser o caso, para obter a certificación.

*Artigo 3. Profesorado destinatario e requisitos de participación*

1. As persoas solicitantes deben ser funcionarios/as de carreira ou funcionarios/as en prácticas dos corpos docentes detallados neste artigo. No caso dos/das funcionarios/as en prácticas, poderán participar nas actividades formativas sempre e cando estas se desenvolvan fóra do período efectivo de prácticas.

2. Na modalidade 1, de inmersión, poderá participar, segundo as actividades relacionadas no anexo IV, o seguinte profesorado:

a) Na actividade 1.1. Profesorado especialista en inglés que estea a impartir a lingua estranxeira en educación infantil ou en educación primaria.

b) Na actividade 1.2. Profesorado de áreas, materias ou módulos non lingüísticos impartidos en inglés (en diante, AICLE/CLIL en inglés) de educación secundaria obrigatoria, de bacharelato, de formación profesional, ou profesorado de ensinanzas artísticas das ensinanzas de réxime especial, que estea a participar nos programas de seccións bilingües e/ou centros plurilingües. Terá prioridade o profesorado que acredite un nivel B1 en lingua inglesa do Marco común europeo de referencia para as linguas e que non teña acreditado o nivel B2 ou superior.

c) Na actividade 1.3. Profesorado AICLE/CLIL en inglés de educación primaria, que estea a participar nos programas de seccións bilingües e/ou centros plurilingües. Terá prioridade o profesorado que acredite un nivel B1 en lingua inglesa do Marco común europeo de referencia para as linguas e que non teña acreditado o nivel B2 ou superior.

d) Tamén poderá optar ás prazas das actividades 1.2. e 1.3. o profesorado que teña previsto participar no programa de seccións bilingües ou de centros plurilingües en lingua inglesa a partir do curso 2017-/18, presentando:

1º. Un compromiso individual e un compromiso do seu centro educativo de participación nalgún dos devanditos programas durante o próximo curso, mediante a certificación de aprobación do consello escolar, unha vez informado o claustro.

2º. A acreditación da competencia lingüística B2 ou superior en lingua inglesa.



O profesorado referido nesta epígrafe poderá ser seleccionado sempre que queden prazas libres, xa que ten prioridade aquel profesorado que estea impartindo docencia CLIL.

e) Na actividade 1.4. O profesorado especialista en educación infantil que teña o seu destino definitivo nun centro plurilingüe e estea impartindo docencia en educación infantil nese centro, que conte coa acreditación da competencia lingüística do nivel B1 ou superior en lingua inglesa do Marco común europeo de referencia para as linguas.

Terá prioridade para participar nesta actividade o profesorado que acredite un nivel B2 ou superior en lingua inglesa do Marco común europeo de referencia para as linguas.

3. Na modalidade 2, de integración, poderá participar, segundo as actividades relacionadas no anexo IV, o seguinte profesorado:

a) Na actividade 2.1. Profesorado de inglés de ensino primario que sexa coordinador de centros plurilingües ou do programa de seccións bilingües.

b) Na actividade 2.2. Profesorado de inglés de ensino secundario que sexa coordinador de centros plurilingües ou do programa de seccións bilingües.

c) Na actividade 2.3. Profesorado AICLE/CLIL en inglés de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato ou de formación profesional, que estea a participar nos programas de seccións bilingües e/ou centros plurilingües en lingua inglesa. Terá prioridade o profesorado que acredite un nivel B1 en lingua inglesa do Marco común europeo de referencia para as linguas e que non teña acreditado o nivel B2 ou superior.

d) Na actividade 2.4. Profesorado AICLE/CLIL en inglés de educación primaria, que estea a participar nos programas de seccións bilingües e/ou centros plurilingües en lingua inglesa. Terá prioridade o profesorado que acredite un nivel B1 en lingua inglesa do Marco común europeo de referencia para as linguas e que non teña acreditado o nivel B2 ou superior.

e) Na actividade 2.5. Profesorado que imparta lingua portuguesa no ensino secundario ou profesorado de áreas ou materias non lingüísticas impartidas en portugués (en diante, AICLE/CLIL en portugués) de educación secundaria ou formación profesional, que participe nos programas de seccións bilingües e/ou centros plurilingües en lingua portuguesa, ou profesorado pertencente ao corpo de ensino secundario que acredite un nivel B2 ou superior en lingua portuguesa do Marco común europeo de referencia para as linguas.



Terá prioridade o profesorado que imparta a lingua portuguesa no ensino secundario, así como o profesorado AICLE/CLIL en lingua portuguesa.

4. Na modalidade 3, de cursos, poderá participar, segundo as actividades relacionadas no anexo IV, o seguinte profesorado:

a) Na actividade 3.1. Profesorado especialista de inglés. Para os efectos desta orde enténdese que son especialistas: os/as catedráticos/as e profesores/as de inglés de ensino secundario e os/as catedráticos/as e profesores/as de inglés das EE.OO.II. Así mesmo, poderán participar os/as inspectores/as de educación que teñan como especialidade de orixe lingua estranxeira. Do mesmo xeito, poderán participar os/as mestres/as especialistas de inglés que non estean impartindo inglés en educación infantil ou en educación primaria.

b) Na actividade 3.2. Profesorado especialista de francés. Para os efectos desta convocatoria enténdese que son especialistas: os/as catedráticos/as e profesores/as de francés de ensino secundario, os/as mestres/as de francés e os/as catedráticos/as e profesores/as de francés das EE.OO.II. Así mesmo, poderán participar os/as inspectores/as de educación que teñan como especialidade de orixe lingua estranxeira.

c) Na actividade 3.3, profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Inspección Educativa que acredite un nivel B2 ou superior en lingua francesa do Marco común europeo de referencia para as linguas.

d) Na actividade 3.4, profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Inspección Educativa que acredite un nivel B2 ou superior en lingua portuguesa do Marco común europeo de referencia para as linguas. Terá prioridade o profesorado que imparta a lingua portuguesa no ensino secundario, así como o profesorado AICLE/CLIL en lingua portuguesa.

e) Na actividade 3.5, profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Inspección Educativa que acredite un nivel B2 ou superior en lingua alemá do Marco común europeo de referencia para as linguas. Terá prioridade o profesorado que imparte lingua alemá no ensino secundario.





f) O profesorado participante nesta modalidade deberá asinar o anexo V, comprometéndose a promover a creación ou mantemento de seccións bilingües ou do programa de centros plurilingües no seu centro de destino e a impartir a súa materia na lingua correspondente.

5. As persoas que participaron nas actividades convocadas pola Orde do 15 de marzo de 2016 pola que se convocan prazas destinadas ao profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa, relativos ao Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE), para o ano 2016 (DOG 29.3.2016), non terán preferencia para participar nas actividades ofertadas, polo que só poderán ser seleccionadas se non se cobren todas as prazas.

6. As persoas participantes en cada unha das modalidades deberán realizar unha proba ao finalizar a actividade realizada no estranxeiro pola que se pioda acreditar, como mínimo, un nivel superior do Marco común europeo de referencia para as linguas ao acreditado no momento de presentación da solicitude de participación na presente convocatoria. No caso de que a través desta proba se acredite un nivel lingüístico superior ao que se tiña acreditado no momento de presentación da solicitude, procederase á actualización de oficio desta circunstancia no expediente de datos persoais da persoa participante. A non realización da dita proba será causa de exclusión en futuras convocatorias de prazas destinadas ao profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa, relativos ao Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE).

Para os efectos desta convocatoria enténdese que os/as catedráticos/as e profesores/as de ensino secundario e os/as catedráticos/as e profesores/as das EE.OO.II. que teñan a especialidade nunha lingua estranxeira, teñen acreditado o nivel C2 na lingua estranxeira na cal teñan a especialidade, e os/as mestres/as que teñan a especialidade nunha lingua estranxeira teñen acreditado o nivel B2 nesa lingua.

O profesorado participante na presente convocatoria que teña acreditado no momento de presentación da solicitude un nivel C2 do Marco común europeo de referencia para as linguas na lingua obxecto de estudo non deberá realizar a proba descrita anteriormente.

O nivel lingüístico alegado para a participación na presente convocatoria deberá ser, en todo caso, o nivel máximo que a persoa solicitante teña acreditado no momento de presentación da solicitude. O incumprimento do establecido neste parágrafo poderá dar



lugar á incursión en responsabilidades disciplinarias de acordo co vixente Regulamento do réxime disciplinario do persoal funcionario da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

#### Artigo 4. *Criterios de exclusión*

Quedarán excluídas desta convocatoria as persoas solicitantes que teñan concedida no curso 2016/17, ou para o curso 2017/18, licenza por formación outorgada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

#### Artigo 5. *Organización das actividades*

1. A organización das actividades correspóndelle á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, quen poderá concertar os servizos necesarios para o seu desenvolvemento.

2. O financiamento dos gastos descritos realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 10.50.423B.640.2 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dos orzamentos de 2017.

3. O importe total do programa ascende a 770.265,00 euros.

#### Artigo 6. *Solicitudes de participación e prazo de presentación*

1. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. As persoas que o desexen poderán completar en liña o formulario de solicitude, na páxina web [www.edu.xunta.es/piale](http://www.edu.xunta.es/piale). As solicitudes, unha vez validadas e impresas, deberán estar asinadas polas persoas solicitantes. Posteriormente e antes do remate do prazo establecido neste artigo, deberá facerse o rexistro desta solicitude, xunto coa documentación expresada no artigo 7, por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante, Lei 39/2015, do 1 de outubro).





3. O prazo para a presentación de solicitudes será de 15 días hábiles contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

4. O modelo de solicitude (anexo I) inclúe unha declaración responsable pola que a persoa solicitante declara que o nivel de coñecemento de linguas estranxeiras do Marco común europeo de referencia para as linguas alegado na solicitude é o nivel máximo que ten acreditado no momento da presentación da solicitude, de acordo co establecido na Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería (DOG do 26 de abril) modificada pola Orde do 21 de xuño de 2016 (DOG do 7 de xullo).

Artigo 7. *Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento*

1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Relación numerada e asinada da documentación presentada, seguindo a orde que aparece no anexo III.

b) Certificado, expedido polo secretario ou secretaria do centro, co visto e praxe da persoa directora, en que conste a área, materia ou módulo que imparte a persoa solicitante durante o curso académico 2016/17. No caso de que a persoa solicitante sexa coordinadora de centros plurilingües ou do programa de seccións bilingües tamén deberá constar esta circunstancia no certificado.

c) Para o futuro profesorado AICLE/CLIL, a seguinte documentación:

1º. Un compromiso individual e un compromiso do seu centro educativo de participación nalgún dos devanditos programas durante o próximo curso, mediante a certificación de aprobación do consello escolar, unha vez informado o claustro.

2º. A acreditación da competencia lingüística B2 ou superior en lingua inglesa.

d) Acreditación do nivel lingüístico exixido para cada praza ou superior, agás para aquelas persoas que xa teñan recollida esta información no expediente de datos persoais.

e) Acreditación dos méritos académicos, profesionais ou de calquera índole que aleguen. Estes serán xustificados mediante os documentos que se especifican no baremo



que se inclúe no anexo II. A compulsa de documentos xustificativos de méritos, e calquera outro que a persoa solicitante incorpore á súa solicitude, poderá efectuarse nos centros de traballo das persoas solicitantes, compulsa que asinará o/a director/a ou secretario/a do centro, sen prexuízo de que poida realizarse nos distintos órganos administrativos acreditados para tal fin.

Non serán tidos en conta nin valorados os méritos alegados e non xustificados debidamente, nin os que se aleguen fóra do prazo o que se refire o artigo 6 desta convocatoria.

2. Non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos. Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.

3. A documentación complementaria presentarase preferiblemente por vía electrónica.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Opcionalmente, as persoas interesadas poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados para facilitar a realización de trámites administrativos despois da presentación das solicitudes de inicio. Estes modelos presentaranse preferentemente por medios electrónicos accedendo á carpeta do cidadán da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán presentalos presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



**Artigo 8. Notificacións**

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía.

As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que conste na solicitude.

Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación electrónica ou en papel. No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

**Artigo 9. Datos de carácter persoal**

De conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación



das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar as persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a [dxefpie@edu.xunta.es](mailto:dxefpie@edu.xunta.es).

As persoas beneficiarias terán que atermos ás obrigacións de publicidade que impón a Lei 2/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Artigo 10. *Procedemento para a adxudicación das prazas.*

1. A selección das persoas candidatas realizaraa unha comisión integrada polos seguintes membros:

a) Presidente/a: a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.

b) Vogais: ata un máximo de catro vogais, con categoría de subdirector ou subdirectora xeral, xefe ou xefa de servizo ou membros da Inspección Educativa.

c) Unha persoa funcionaria da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como secretario/a, con voz e sen voto.

d) Os sindicatos integrantes da mesa sectorial de persoal docente non universitario poderán nomear un ou unha representante para asistir ás sesións da comisión.

A comisión poderá solicitar a incorporación de persoas asesoras especialistas, limitándose as devanditas persoas a prestaren a súa colaboración.

A comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica especializada só para os efectos de colaborar na valoración dos méritos previstos nos puntos 1 e 2 do baremo do anexo II. Ás reunións desta subcomisión poderán asistir representantes das organizacións sindicais con representación na mesa sectorial de persoal docente.

Esta comisión rexerese polo previsto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.



2. A comisión seleccionadora realizará unha preselección segundo a puntuación obtida conforme o baremo que figura como anexo II. En caso de empate entre as persoas funcionarias, este dirimirase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:

a) Maior puntuación no punto 1 do baremo.

b) Maior puntuación no punto 2.2 do baremo.

c) Maior antigüidade no corpo.

d) De persistir o empate, aplicarase como criterio o resultado do sorteo previsto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Finalizada a preselección, a comisión fará pública a resolución provisional, que se difundirá no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ([www.edu.xunta.es/piale](http://www.edu.xunta.es/piale)) na internet.

A exposición abrirá un prazo de cinco días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias á concesión das actividades perante a persoa que exerza a presidencia da comisión. Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as mencionadas reclamacións e renuncias, a comisión seleccionadora elevaralle a proposta definitiva á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá a relación final das persoas seleccionadas e de suplentes ordenadas por puntuación.

A resolución definitiva publicarase no *Diario Oficial de Galicia* e exporase no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia ([www.edu.xunta.es/piale](http://www.edu.xunta.es/piale)) na internet.

4. As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de cinco meses, desde a data da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

5. Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.



6. No caso de non cubrirse o número de prazas nalgunha das actividades, por proposta motivada pola comisión de selección, a persoa titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa poderá acordar a redistribución das prazas entre outras actividades.

#### Artigo 11. *Renuncias, abandono e retirada de documentación*

1. Unha vez resolta esta convocatoria, soamente se admitirán renuncias ás actividades concedidas en casos de excepcional gravidade debidamente xustificada e libremente apreciada pola persoa que exerza a presidencia da comisión de selección.

As prazas vacantes seranlles ofertadas ás persoas suplentes por chamamento directo, de acordo coa relación publicada.

2. No caso de renuncia ou abandono non aceptados dalgunha das fases do itinerario formativo da presente convocatoria ou no caso de avaliación negativa na fase C, na fase de difusión da experiencia adquirida ou na fase de elaboración de materiais, segundo a modalidade en que se participe, a persoa participante non poderá participar nas tres próximas convocatorias de prazas destinadas ao profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa, relativos ao Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE).

3. Transcorridos tres meses desde a data de publicación da resolución definitiva no *Diario Oficial de Galicia*, as persoas interesadas, ou os seus/as súas representantes legais, disporán dun prazo de seis meses para poder retirar a documentación ante a persoa que preside a comisión. Transcorrido o dito prazo, entenderase que renuncian á súa devolución.

#### Artigo 12. *Comunicación*

Toda a información con respecto á organización e ao desenvolvemento dos cursos, viaxes ao lugar de celebración e reunións informativas será anunciada no enderezo web <http://www.edu.xunta.es/piale>.

Os requirimentos relativos á emenda de documentación realizaranse, de ser o caso, mediante o correo electrónico corporativo [@edu.xunta.es](mailto:@edu.xunta.es).

#### Artigo 13. *Condicións económicas*

Para as actividades realizadas fóra de Galicia, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria encargarse, a través das empresas adxudicatarias, do





desprazamento, a docencia, actividades culturais, manutención e aloxamento. A Consellería determinará o medio de desprazamento ao país estranxeiro, así como o tipo de aloxamento e manutención, que será comunicado ao profesorado seleccionado unha vez adxudicadas as empresas.

#### Artigo 14. *Retribucións*

Durante o tempo de duración das actividades de formación o profesorado seleccionado recibirá os emolumentos correspondentes ás súas retribucións básicas e complementarias.

#### Artigo 15. *Certificación*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria expedirá as seguintes certificacións, segundo as modalidades:

1. Modalidade 1: rematadas as tres fases, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria emitirá tres certificados de formación do profesorado ás persoas participantes no programa: un certificado de 75 horas pola fase A, un certificado de 75 horas pola fase B e un certificado de 25 horas pola fase C. En ningún caso se certificará a actividade de maneira parcial nin de xeito anticipado. Só recibirá a certificación de todas as partes o profesorado que remate todo o itinerario formativo, despois da entrega dos materiais elaborados na última fase, sempre e cando obteñan unha avaliación positiva nas tres fases.

2. Modalidade 2: rematadas as dúas fases, o profesorado participante por esta modalidade recibirá dous certificados de formación do profesorado pola súa participación no programa: 100 horas de formación permanente pola fase de integración en centros canadenses ou portugueses e 25 horas pola fase de elaboración do plan de difusión e da memoria correspondente, que incluírá unha proposta didáctica. En ningún caso se certificará a actividade de maneira parcial nin de xeito anticipado. Só recibirá a certificación de todas as partes o profesorado que remate todo o itinerario formativo, despois da entrega dos materiais elaborados na última fase, sempre e cando obteñan unha avaliación positiva nas dúas fases.

3. Modalidade 3: rematadas as dúas fases, o profesorado participante por esta modalidade recibirá dous certificados de formación do profesorado pola súa participación no programa: 50 horas de formación permanente pola primeira fase e 25 horas pola fase de



elaboración de materiais. En ningún caso se certificará a actividade de maneira parcial nin de xeito anticipado. Só recibirá a certificación de todas as partes o profesorado que remate todo o itinerario formativo, despois da entrega dos materiais elaborados na última fase, sempre e cando obteñan unha avaliación positiva nas dúas fases.

Artigo 16. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2017.

Román Rodríguez González  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria




**XUNTA DE GALICIA**

 CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO ESTRANXEIRO	<b>ED305F</b>	SOLICITUDE

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

PARROQUIA  LUGAR

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE

TELÉFONO  TELÉFONO MÓBIL  CORREO ELECTRÓNICO

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO  NIF

**DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Notifíquese a:  Persoa solicitante  Persoa representante

Enviaranse avisos da posta Á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a continuación:

TELÉFONO MÓBIL  CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE (poderá ser cambiado en calquera momento da tramitación do procedemento)

Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>. Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

As notificacións que se efectúen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

TIPO DE VÍA  NOME DA VÍA  NÚMERO  BLOQUE  ANDAR  PORTA

PARROQUIA  LUGAR

CP  PROVINCIA  CONCELLO  LOCALIDADE





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**ANEXO I**  
(continuación)

DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDIMENTO													
<p><b>ACTIVIDADES</b></p> <p><input type="checkbox"/> PIALE. Inglés en infantil ou primaria</p> <p><input type="checkbox"/> PIALE. Inglés para profesorado CLIL de secundaria/FP/Ensinanzas artísticas</p> <p><input type="checkbox"/> PIALE. Inglés para profesorado CLIL de primaria</p> <p><input type="checkbox"/> PIALE. Inglés para profesorado CLIL de infantil</p> <p><input type="checkbox"/> PIALE. Integración para profesorado de inglés de primaria</p> <p><input type="checkbox"/> PIALE. Integración para profesorado de inglés de secundaria</p> <p><input type="checkbox"/> PIALE. Integración inglés para profesorado CLIL de secundaria</p> <p><input type="checkbox"/> PIALE. Integración inglés para profesorado CLIL de primaria</p> <p><input type="checkbox"/> PIALE. Integración en lingua portuguesa</p> <p><input type="checkbox"/> Inglés para profesorado especialista</p> <p><input type="checkbox"/> Francés para profesorado especialista</p> <p><input type="checkbox"/> Francés para profesorado non especialista</p> <p><input type="checkbox"/> Lingua portuguesa</p> <p><input type="checkbox"/> Lingua alemá</p> <p><b>ACREDITACIONES DE IDIOMAS</b></p> <table border="0"> <tr> <td><input type="checkbox"/> B1 Inglés</td> <td><input type="checkbox"/> B1 Francés</td> <td><input type="checkbox"/> B1 Portugués</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> B2 Inglés</td> <td><input type="checkbox"/> B2 Francés</td> <td><input type="checkbox"/> B2 Portugués</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> C1 Inglés</td> <td><input type="checkbox"/> C1 Francés</td> <td><input type="checkbox"/> C1 Portugués</td> </tr> <tr> <td><input type="checkbox"/> C2 Inglés</td> <td><input type="checkbox"/> C2 Francés</td> <td><input type="checkbox"/> C2 Portugués</td> </tr> </table>	<input type="checkbox"/> B1 Inglés	<input type="checkbox"/> B1 Francés	<input type="checkbox"/> B1 Portugués	<input type="checkbox"/> B2 Inglés	<input type="checkbox"/> B2 Francés	<input type="checkbox"/> B2 Portugués	<input type="checkbox"/> C1 Inglés	<input type="checkbox"/> C1 Francés	<input type="checkbox"/> C1 Portugués	<input type="checkbox"/> C2 Inglés	<input type="checkbox"/> C2 Francés	<input type="checkbox"/> C2 Portugués	<p><b>CORPO</b></p> <p><input type="checkbox"/> Mestres</p> <p><input type="checkbox"/> Profesorado de ensino secundario</p> <p><input type="checkbox"/> Inspección educativa</p> <p><input type="checkbox"/> Asesores</p> <p><input type="checkbox"/> Ensinanzas artísticas</p> <p><b>ESPECIALIDADE</b></p> <p><input type="checkbox"/> Non especialista</p> <p><input type="checkbox"/> Especialidade de inglés</p> <p><input type="checkbox"/> Especialidade de francés</p> <p><input type="checkbox"/> Especialidade de alemán</p> <p><input type="checkbox"/> Especialidade de portugués</p> <p><input type="checkbox"/> Especialidade de infantil</p> <p><b>LINGUAS IMPARTIDAS</b></p> <p><input type="checkbox"/> Imparte inglés en infantil ou primaria</p> <p><input type="checkbox"/> Imparte alemán en secundaria</p> <p><input type="checkbox"/> Imparte portugués en secundaria</p> <p><b>DATOS CLIL</b></p> <p><input type="checkbox"/> CLIL</p> <p><input type="checkbox"/> CLIL Ensinanzas Artísticas</p> <p><input type="checkbox"/> Futuro CLIL</p> <p><input type="checkbox"/> Persoa coordinadora sección bilingüe ou centro plurilingüe</p>
<input type="checkbox"/> B1 Inglés	<input type="checkbox"/> B1 Francés	<input type="checkbox"/> B1 Portugués											
<input type="checkbox"/> B2 Inglés	<input type="checkbox"/> B2 Francés	<input type="checkbox"/> B2 Portugués											
<input type="checkbox"/> C1 Inglés	<input type="checkbox"/> C1 Francés	<input type="checkbox"/> C1 Portugués											
<input type="checkbox"/> C2 Inglés	<input type="checkbox"/> C2 Francés	<input type="checkbox"/> C2 Portugués											
<p>GOZOU NA ÚLTIMA CONVOCATORIA DESTA AXUDA? <input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON</p>													

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA**

- Que se compromete a cumprir todo o estipulado nas condicións de participación, asumindo a realización de todas as fases desta convocatoria, no caso de ser seleccionado/a nunha actividade deste programa.
- Que o nivel de coñecemento de linguas estranxeiras do Marco común europeo de referencia para as linguas alegado na solicitude é o nivel máximo que ten acreditado no momento de presentación da solicitude, de acordo co establecido na Orde do 18 de febreiro de 2011 pola que se establece o procedemento de acreditación de competencia en idiomas do profesorado para impartir nunha lingua estranxeira áreas, materias ou módulos non lingüísticos nos centros docentes públicos dependentes desta consellería (DOG do 26 de abril) modificada pola Orde do 21 de xuño de 2016 (DOG do 7 de xullo).

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

<input type="checkbox"/> Certificado do centro
<input type="checkbox"/> Acreditación do nivel lingüístico exixido
<input type="checkbox"/> Acreditación dos méritos alegados
<input type="checkbox"/> Anexo V (só para solicitantes da modalidade 3)
<input type="checkbox"/> Relación da documentación presentada seguindo o modelo do anexo III
Só para o futuro profesorado AICLE/CLIL:
<input type="checkbox"/> Compromiso individual e do centro
<input type="checkbox"/> Acreditación da competencia lingüística B2 ou superior

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais que facilite neste formulario quedarán rexistrados nun ficheiro de titularidade da Xunta de Galicia co obxecto de xestionar o presente procedemento. A persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, como responsable do ficheiro, solicitándoo mediante o envío dun correo electrónico a [dxefpie@edu.xunta.es](mailto:dxefpie@edu.xunta.es)

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Orde do 24 de abril de 2017 pola que se convocan prazas destinadas ao profesorado para a realización de itinerarios formativos para a mellora da súa competencia lingüística e comunicativa, relativos ao Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE) para o ano 2017.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_



## ANEXO II Baremo

Méritos	Puntos por curso ou actividade	Total puntos máximo	Documentos
1. Méritos docentes. – Por cada ano de servizo como funcionario ou funcionaria.	0,5 puntos por ano completo	3 puntos	
2. Outros méritos.			
2.1. Docencia en actividades de formación do profesorado, organizadas, homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas.	0,1 punto por cada 3 horas de formación	1,5 puntos	Fotocopias compulsadas das certificacións acreditativas
2.2. Asistencia e/ou coordinación de actividades de formación do profesorado relacionadas con linguas estranxeiras, organizadas, homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas.	0,05 puntos por cada 10 horas de formación	3 puntos	
2.3. Asistencia e/ou coordinación de actividades de formación do profesorado, organizadas, homologadas ou recoñecidas polas administracións educativas.	0,1 punto por cada 10 horas de formación	1,5 puntos	
2.4. Participación en proxectos de anticipación da primeira lingua estranxeira no segundo ciclo da educación infantil e no primeiro ciclo da educación primaria, e participación no plan experimental de potenciación da aprendizaxe de linguas estranxeiras (modalidade 1 e 2) nos institutos de educación secundaria establecidos pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Participación no Programa de seccións europeas, seccións bilingües, aulas bilingües ou centros plurilingües da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.	0,5 puntos por ano	4 puntos	
2.5. Participación en intercambios ou estadias formativas, con alumnos, no estranxeiro. Participación no Programa de inmersión lingüística con alumnado de 6º de educación primaria.	0,25 puntos por actividade	2 puntos	
2.6. Non ter participado con anterioridade na convocatoria de estadias no estranxeiro ou na do programa PALE ou PIALE.		10 puntos	



ANEXO III  
**Modelo de folia de autobarefacción**

(Relacionar e numerar na mesma orde que aparece no anexo II. As fotocopias cotexadas presentaranse na mesma orde)

Epígrafe	Méritos alegados	Puntuación
1.		
2.1.		
2.2		
2.3		
2.4		
2.5		
2.6		

CVE-DOG: nprmzi09-qpm1-ydm5-nu57-evoigf6367a5







**ANEXO IV**  
**Relación de actividades**

Actividades	Prazas (*)	Destinos
1.1. PIALE. Inglés en infantil e primaria	20	Reino Unido (3 semanas)
1.2. PIALE. Inglés para profesorado CLIL de secundaria/FP/enseñanzas artísticas	15	Canadá ou USA (3 semanas)
1.3. PIALE. Inglés para profesorado CLIL de primaria	15	Reino Unido (3 semanas)
1.4. PIALE. Inglés para profesorado CLIL de infantil	10	Reino Unido (3 semanas)
2.1. PIALE. Integración para profesorado de inglés de primaria	15	Canadá (4 semanas)
2.2. PIALE. Integración para profesorado de inglés de secundaria	10	Canadá (4 semanas)
2.3. PIALE. Integración inglés para profesorado CLIL de secundaria	25	Canadá (4 semanas)
2.4. PIALE. Integración inglés para profesorado CLIL de primaria	20	Canadá (4 semanas)
2.5. PIALE. Integración en lingua portuguesa	15	Portugal (4 semanas)
3.1. Inglés para profesorado especialista	20	Reino Unido (2 semanas)
3.2. Francés para profesorado especialista	15	Francia (2 semanas)
3.3. Francés para profesorado non especialista	15	Francia (2 semanas)
3.4. Lingua portuguesa	15	Portugal (2 semanas)
3.5. Lingua alemá	5	Alemaña (2 semanas)

(\*) As prazas ofertadas poderanse incrementar na medida en que se aumente o orzamento para a realización destas actividades.



**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO V

**COMPROMISO DE PROMOCIÓN DE SECCIÓNS BILINGÜES E/OU PROGRAMA DE CENTROS PLURILINGÜES****DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**DECLARA**

Que, de ser seleccionada nunha actividade deste programa, mediante a presente sinatura se compromete a promover a creación/continuación do programa de seccións bilingües e/ou plurilingües no seu centro de destino e a impartir a súa materia na lingua correspondente.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de **XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**ANEXO VI****Indicacións para a elaboración da memoria de difusión e da proposta didáctica (Modalidade 2)**

Memoria da difusión.

Estrutura.

1. Obxectivos e contidos da difusión.

Cada persoa debe indicar cales foron os obxectivos e contidos da difusión da experiencia canadense/portuguesa. Os contidos deberían considerar cando menos:

- Aspectos destacables e transferibles da organización do sistema educativo canadense/portugués.
- Aspectos destacables e transferibles da organización dos centros canadenses/portugueses.
- Aspectos metodolóxicos transferibles e destacables.
- Outros.

2. Lugares ou formatos da difusión.

Cando menos debe considerarse o centro educativo de destino de cada persoa participante. Deberá indicarse se se trata dunha información que se facilitou de xeito colectivo para o profesorado ou individualizada segundo as súas experiencias e intereses, se se facilitou algunha información ao alumnado, aos pais e nais... As modalidades de organización e transferencia desta información deben indicarse na seguinte epígrafe (a epígrafe 3).

Do mesmo xeito, débese indicar se se fixo algunha difusión da experiencia a través dos medios de comunicación local para dar a coñecer a experiencia do profesor/a e por conseguinte do centro, neste tipo de actividade.

Debe figurar igualmente calquera outro mecanismo de difusión que se empregase, noutros centros educativos do concello/comarca/provincia, a través dos centros de formación do profesorado ou calquera outro que as persoas participantes considerasen adecuado para esta difusión.

3. Procedementos da difusión.

Deben indicarse os procedementos concretos cos que difundiu a actividade: charlas/presentacións (tipo, duración, espazo de celebración, destinatarios, con que apoios visuais ou en papel...), información na páxina web do centro (características específicas), medios de comunicación (tipo de información, en que medios...), noutros centros ou no centro de formación do profesorado.

4. Programación e temporalización da difusión.

Deben figurar as datas e lugares (de ser espazos físicos) en que se desenvolveron as actividades de difusión.

5. Repercusión da difusión.

Unha valoración, cuantificable na medida do posible, da repercusión desta difusión. (Número do alumnado do centro, número de profesorado... que foron destinatarios da difusión).



Proposta didáctica.

A memoria da difusión debe conter, ademais, unha proposta didáctica na lingua obxecto de estudo. Esta proposta debe incluír aspectos metodolóxicos adquiridos na actividade de integración.

As epígrafes desta proposta deberán ser:

1. Título	Título descriptivo
2. Autor/a	Autor ou autora da proposta didáctica
3. Correo electrónico do autor ou autora	Correo @edu dos autores
3. Xustificación	Descrición breve da proposta
4. Nivel a que vai dirixida a proposta	Sinalar o nivel/niveis a que vai dirixida a proposta
5. Áreas/materias/módulos que se traballan	a. Lingua estranxeira: inglés ou portugués. b. Outras áreas/materias/módulos
6. Temporalización	Nº de sesións
7. Recursos TIC utilizados	Listaxe de recursos TIC empregados, de ser o caso.
8. Competencias clave que se traballan	Sinalar e desenvolver as competencias clave.
9. Obxectivos	a. Lingüísticos. b. Non lingüísticos da área/materia/módulo.
9. Contidos	a. Lingüísticos. b. Non lingüísticos da área/materia/módulo.
10. Elementos transversais	Valores que se traballan na proposta.
12. Secuenciación.	Indicar a distribución por sesións.
13. Atención á diversidade	Atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
14. Criterios e instrumentos de avaliación	a. Lingüísticos b. Non lingüísticos. (Deben concretarse criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis).



**ANEXO VII**  
**Indicacións para a elaboración de materiais para a sociedade da información**  
**(modalidades 1 e 3)**

O traballo desta fase de elaboración realizarase de xeito individual a non ser que se xustifique axeitadamente a conveniencia de realizalo en grupo.

Unidade didáctica.

Esta fase de elaboración de materiais ten por finalidade a elaboración dunha unidade didáctica na lingua obxecto de estudo, que deberá contar con diversas actividades elaboradas coa ferramenta de autor elixida.

O traballo didáctico deberá ter as seguintes epígrafes:

1. Título	Título descriptivo
2. Autores/as	Autor ou autores da proposta didáctica
3. Correo electrónico dos autores e autoras	Correo @edu dos autores e autoras
3. Xustificación	Descrición breve da proposta
4. Nivel a que vai dirixida a proposta	Sinalar o nivel/niveis aos que vai dirixida a proposta
5. Áreas/materias/módulos que se traballan	a. Lingua estranxeira: inglés, francés, alemán ou portugués b. Outras áreas/materias/módulos
6. Temporalización	Nº de sesións
7. Recursos TIC utilizados	Listaxe de recursos TIC empregados (ferramenta de autor escollida)
8. Competencias clave que se traballan	Sinalar e desenvolver as competencias clave
9. Obxectivos	a. Lingüísticos b. Non lingüísticos da área/materia/módulo
10. Contidos	a. Lingüísticos b. Non lingüísticos da área/materia/módulo
11. Elementos transversais	Valores que se traballan na proposta
12. Secuenciación	Indicar a distribución por sesións, tendo en conta que para cada ferramenta de autor hai un mínimo de actividades diferentes
13. Atención á diversidade	Atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo
14. Criterios e instrumentos de avaliación	a. Lingüísticos b. Non lingüísticos (Deben concretarse criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe avaliábeis)



**Proposta TIC**

As exigencias mínimas segundo a ferramenta TIC escollida son as seguintes:

H-AUTOR	Deberá realizarse 1 proxecto en que se inclúan 6 contidos estáticos e 8 exercicios diferentes. No caso de facer a tarefa en grupo deberá realizarse 1 proxecto con 4 contidos estáticos por persoa e 5 exercicios por persoa (neste caso poderá repetirse algún tipo de exercicio).
EDILIM	Deberá ter un mínimo de 10 páxinas con 5 tipos de páxina diferentes (se se realiza a tarefa de xeito individual). No caso de facer a tarefa en grupo, deberá ter un mínimo de 8 páxinas por persoa. Non se contabiliza a portada que será obrigatoria.
EXELEARNING	Deberá ter un mínimo de 6 páxinas con 8 idevices diferentes (se se realiza a tarefa de xeito individual). No caso de facer a tarefa en grupo deberá ter un mínimo de 4 páxinas por persoa.
ARDORA	Deberá ser un paquete de actividades cun mínimo de 10 actividades diferentes (se se realiza a tarefa de xeito individual). No caso de facer a tarefa en grupo, deberá ter un mínimo de 8 actividades por persoa.
MOODLE	Deberá ser na versión Moodle 2.6. Pode solicitarse un espazo na Aula Virtual do CAFI. Deberá conter páxinas de elaboración propia e non só ligazóns a webs ou a arquivos alleos. Tamén deberá conter tarefas. Valorarase incluír contidos en formato libro ou en Exelearning subidos como paquete IMS.
CONSTRUCTOR, CUADERNIA...	De escoller calquera outra ferramenta indicaranse no seu momento os mínimos exixidos

